

**PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN A  
CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO  
PROCEDIMIENTO ABERTO, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA,  
CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE MELLORA EN  
CUBERTA PLANA DE SALAS ANEXAS.**

## 1. Dirección Técnica

Existirá un responsable técnico por parte da empresa adjudicataria que desempeñará funcións de coordinador e supervisor dos traballos para prestar, que estará localizable durante a duración do contrato as 24 horas do día, e informará á dirección facultativa e ao Representante da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (ou persoa en quen delegue) sobre a situación e estado de:

- Organización de recursos (humanos e materiais).
- Anomalías, incidentes e informes.
- Proposición de accións correctoras.
- Calquera outra información requirida pola dirección facultativa ou o representante de EXPOURENSE.

## 2. Dirección facultativa e representación da propiedade

A Dirección Facultativa das obras estará a cargo dos técnicos que designe EXPOURENSE, cuxa autoridade recoñece expresamente o contratista. A representación da propiedade estará a cargo do director xerente de EXPOURENSE como responsable do contrato.

## 3. Extensión da obra. Orzamento. Realización completa da obra.

### 3.1 Extensión da obra

UDS.	IMPERMEABILIZACION DE CUBIERTA PLANA POLIUREA A EN CALIENTE
620,00 m <sup>2</sup>	TRABALLOS A DESENVOLVER
	<p>Unidade de estrutura de ferro galvanizado e cubrición de panel sándwich. 320 m<sup>2</sup></p> <p>- Formación de estrutura de ferro galvanizado de 80x40x15 mm, formado por unidades horizontais con pendente de 1,5 mtrs. colocados perpendicularmente á fachada e tres unidades en vertical cada 1,5 mtrs., menos o tramo en forma de “L” que irá só unha unidade. Todas</p>

elas entre 3 mtrs e 5 mtrs de altura, fixadas ao chan mediante soldadura de pletina de 6 mm, e mediante taco e parafuso soldado, para unha superficie duns 320 metros cadrados, incluso unidade de ferro galvanizado de 80x40x15 mm de 30 metros fizadas ao paramento vertical da fachada onde colocaranse as unidades de panel sandwich.

- Subministración e colocación do panel sándwich de 3 greca e parafuso visto de 30 mm de espesor formado por dobre chapa de aceiro prelacada no exterior e alma de poliuretano, color bermello intercalando entre dúas unidades unha de policarbonato transparente para luminosidade, incluso remate en chapa prelacada parafusada e selada da mesma cor contra paramento vertical de fachada, fizada á estrutura de ferro galvanizado.

- Subministración e colocación de canalón de aluminio lacado de sección circular. De desarrollo de 250 mm. De 0,68 mm de espesor totalmente instalado na lonxitude de final de estrutura, 30 metros aproximadamente.

- Subministración e colocación de 2 baixantes de aluminio lacado de sección cadrada e e=80 mm, para a recollida de augas, instaladas nos laterais da estrutura.

Aplicación de capa impermeabilizante. (630 m<sup>2</sup>).

- Retirada de dúas filas de plaquetas do perímetro, para posterior aplicación de poliurea.

- Retirada de albardillas metálicas perimetrais para posterior aplicación de poliurea.

- Aplicación de epoxi auga de dous compoñentes Aquadur, aplicado en

	<p>dúas mans cruzadas, como imprimación.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aplicación de membrana continua de poliurea Hyperdesmo Poliurea HC, bicompoñente como impermeabilización aplicada en quente mediante pistola mezcladora.</li><li>- Aplicación de dúas máns de membrana líquida de poliuretano resistente á intemperie, altas temperaturas, raios U.V., marca Hyperdesmo ADY 2K, como remate e capa protectora para prolongar a vida da membrana impermeabilizante (400 m<sup>2</sup>).</li><li>- Realización de murete con ladrillos de fábrica, <u>altura máxima de dez unidades</u> recibido con cemento e rematado con morteiro, enlucido, para evitar á entrada de auga hacia o interior da zona da estrutura que non está impermeabilizada.</li><li>- Recolocación de plaquetas retiradas.</li><li>- Recolocación de albardilla metálica cos seus parafusos.</li><li>- Prolongación de chemineas da sala de caldeiras, ata sobrepasar estrutura de panel sándwich, incluso sombrerete superior.</li><li>- Prolongación de unidades de ventilación de máquina de refrixeración, ata sobrepasar estrutura de panel sándwich.</li><li>- Instalacións en laterais de estrutura de chapa prelacada de 0,5, a modo de celosía, con separación entre unidades para unha correcta ventilación e fluxo de aire, atornilladas a estrutura e remates ou selado de ser preciso.</li></ul>
--	---

### 3.2 Orzamento

O importe do orzamento base de licitación máximo autorizado para a contratación é de, SETENTA E UN MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO CON SETENTE CÉNTIMOS DE EURO

IVE INCLUÍDO, que se desagrega como segue:

Total (sen IVE): 59.470,00 €

IVE (21 %): 12.488,70 €

Total (IVE incluído): 71.958,70 €

As proposicións non poderán superar o límite do orzamento máximo autorizado, tendo en conta o IVE aplicable, é dicir, non poderán superar cincuenta e nove mil catro centos setenta euros, sen IVE.

### 3.3 Realización completa da obra.

O adxudicatario comprométese á total realización da obra debendo entregala en pleno funcionamento a satisfacción da Dirección Facultativa e de EXPOURENSE, de conformidade ao fin a que está destinada, comprendendo a presente contratación a execución de todas as obras, ata a súa completa terminación, que sexan necesarias para a realización total (mesmo acometidas definitivas de servizos), segundo a relación de traballos e demais documentos técnicos ou xurídicos que afectan á obra obxecto de contratación.

Corresponde á Dirección Facultativa valorar de conformidade coas súas funcións a correcta execución das obras.

O adxudicatario, ao tempo da adxudicación, está obrigado a verificar todos os documentos do expediente. Na desagregación de partidas enténdese que se inclúen todos os traballos e materiais para levar a bo fin a obra.

Aínda que nalgunha partida non estean explicitados todos os traballos e/o materiais que se esixen para a súa completa e correcta realización, presupóñense contemplados e consecuentemente incluídos no prezo da partida.

Non se poderán reclamar, como adicionais a unha unidade de obra, elementos ou traballos previos ou complementarios, salvo que estes figuren como partida independente no Orzamento.

O adxudicatario executará a obra ao seu risco e ventura, na modalidade de prezo pechado, sen que poida reclamar cantidade adicional algunha.

O adxudicatario cumprirá con tódalas leis, normas e regulamentos vixentes, que sexan de obrigado cumprimento no obxecto de eliminación de barreiras arquitectónicas da urbanización de accesos, medio ambiente, normativa técnica, subcontratación e no ámbito de actuación, así como con calquera outra normativa de aplicación.

#### **4. Materiais**

Tódolos materiais da obra deberán contar coa aprobación da Dirección Facultativa, que poderá rexeitar os que entenda oportunos e solicitar as xustificacións e acreditacións que estime oportunas para a comprobación da súa idoneidade.

A responsabilidade do adxudicatario sobre os materiais non queda afectada polas aceptacións que destes faga a Dirección Facultativa.

#### **5. Obras mal executadas**

Se a xuízo da Dirección Facultativa houberse algunha parte da obra mal executada, terá o adxudicatario a obrigaón de volver a executar tantas veces sexa necesario, ata que quede a satisfacción da Dirección Facultativa, e no prazo que esta fixe, non dándolle estes aumentos de traballo dereito a pedir á adxudicatario cantidade ou compensación algunha por este concepto, nin a xustificar atrasos.

Ningunha parte de obra será enterrada ou tapada sen a inspección previa e aprobación da Dirección Facultativa.

## **6. Limpeza da obra**

Para ser recibida a obra, o adxudicatario deberá retirar do lugar desta todas as súas instalacións e maquinaria. Eliminará tamén da obra e os seus arredores todas as estruturas e obras superfluas, e os desperdicios e escombros de calquera clase.

A obra entregárase limpa en todos e cada un dos seus elementos a efecto de poder supervisara execución e calidade dos acabados.

## **7. Protección e vixilancia das obras**

O adxudicatario queda obrigado a vixiar e protexer a obra contra toda deterioración e danodurante o período de construción e ata a recepción e plena conformidade, dispoñendo de todosos medios necesarios que garantan a adecuada protección das obras, mesmo se por calquera circunstancia requírsense medidas especiais de protección e vixilancia; incluíndo control de accesos e permanencia de obra, sen que a adopción destas medidas poida ser motivo de incremento no prezo.

Deberá almacenar e protexer contra incendios todos os materiais inflamables, subliñándose a importancia do cumprimento dos Regulamentos vixentes.

## **8. Incidencias na execución das obras**

Se ao comezar as obras xurdisen obstáculos imprevistos que impedisen acometelas, o plan de obra do adxudicatario preverá os prazos necesarios para a retirada dos obstáculos e programará conseguintemente as obras, con inicios parciais nas zonas afectadas, acomodando o adxudicatario a súa estrutura de obra, persoal, maquinaria e medios auxiliares, ás posibilidades reais de execución, de forma que non procedan reclamacións económicas por este concepto.

Se a obra non se puidese realizar por razóns non imputables a EXPOURENSE nin á empresa adxudicataria; ésta renuncia expresamente á cobranza de calquera gasto que puidese producirse.

## 9. Recepción das obras e liquidación

Finalizadas as obras procederase á súa recepción mediante o levantamento da Acta de recepción, en presenza, polo menos, da Dirección facultativa encargada da dirección das obras, o contratista e o representante de EXPOURENSE.

Se se atopan as obras en bo estado e conforme as prescricións previstas, daranse por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o tivese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolvido o contrato cos efectos imputables ao contratista correspondentes.

Antes do cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados débense a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía e, no seu caso, cos efectos imputables ao contratista correspondentes.